

# RESUMO DE CONTIDOS

## Entre ondas, seguimos mareas

Lingua Galega e  
Literatura | 1º ESO



## Índice

Fase 1. A radio!.....	2
1.2 As familias das linguas.....	3
Fase 2. Describimos os nosos mundos.....	4
2.2 Describir para aprender.....	4
2.3. O abecedario.....	4
2.4. Onde vai o acento?.....	5
Fase 3. Raíces comúns.....	5
3.2 Parecidos razoables.....	5
3.3 Luso... que?.....	6
3.4 Informando.....	6
Fase 4. Comezamos co reto.....	7
4.1. Cambiamos o mundo?.....	9
4.2. Podcast lusófono.....	10
Fase 5. A exposición.....	12

## Fase 1. A radio!

### A emisora de radio

Hai moita xente que pensa que un podcast é un programa de radio gravado. Pero non é así. Os podcats hai que planificalos, organízalos ben e gravalos por partes para despois editar, engadir música e mesmo sons.

Anímaste ti a facer un podcast?

### Os retos

Vas ter que crear **un podcast**. Deberás facelo en grupo con compañeiros e compañeiras da clase. O podcast terá que ver co contido deste REA, así que presta atención e realiza as tarefas que se che piden para poder completar con éxito o reto.

Imaxina que a radio do teu centro quere facer unha serie de programas sobre os países onde se fale portugués no mundo. Cada grupo de traballo terá que realizar un podcast con diferente información sobre un deses países.

**Olo!** porque ademais, neste REA haberá un **obradoiro de poesía**.

Cada fase comezará con este obradoiro. Que tal se che dá iso de rimar? Para facer poesía só tes que xogar coa lingua.

Este obradoiro ten reto. Ao finalizar o REA crearás o teu propio **poemario**.

### Que farei?

Para realizar o **podcast**:

- Buscarás información sobre o país de fala portuguesa que che toque.
- Describirás paisaxes deste territorio, fauna e flora, arquitectura...
- Coñecerás persoas importantes da súa historia, cultura...
- Organizarás toda a información recollida.
- Realizarás un guión para o podcast con esa información.
- Gravarás e montarás o podcast.

No **obradoiro de poesía**:

- Descubrirás como xogar coa lingua.
- Aprenderás de forma práctica as características da poesía.
- Empregarás os recursos típicos deste xénero.
- Crearás un recompilatorio dos textos que elaboraches.

### E que obteño disto?

Ao rematar o reto serás quen de:

- Expresarte oralmente coa entoación axeitada.
- Buscar, analizar e recompilar información.
- Crear un guión escrito.
- Diferenciar os tipos de descrições.
- Describir empregando os diferentes recursos da lingua.
- Coñecer as familias lingüísticas e as diferentes grafías.
- Empregar os recursos da lírica e recoñecelos en textos alleos.
- Escribir os teus propios textos líricos.

## 1.2 As familias das linguas

### Familias lingüísticas

Sabías que o portugués ten a mesma orixe que a lingua galega? As dúas son linguas romances. Iso quere dicir que ambas xorden do latín.

Como ves, o galego e o portugués son linguas que pertencen á mesma familia lingüística, as linguas románicas. Estas linguas á súa vez pertencen ás linguas indoeuropeas.

A maior parte das linguas do mundo podemos clasificalas en familias lingüísticas. Aquí tes só algunhas das principais familias lingüísticas do mundo.

- **Linguas indoeuropeas**
- **Linguas americanas**
- **Linguas da Asia Oriental**
- **Linguas nixero-congolesas**

### Que curioso!

Non todas as linguas están emparentadas. A estas linguas chamámoslles linguas illadas, por exemplo, o eúscaro (Euskal Erria), o camëtsa (Colombia) e o seri (México).

## Fase 2. Describimos os nosos mundos

### 2.2 Describir para aprender

Podemos clasificar as descrições segundo o que se describe ou como se describe. Estes son algúns dos tipos de descrições que podemos facer:

- Prosopografía: descripción física das persoas.
- Retrato: descripción física e moral dunha persoa.
- Autorretrato: descripción que fai unha persoa de si mesma.
- Etopea: descripción moral ou psicolóxica dunha persoa.
- Caricatura: descripción esaxerando algúns trazos destacables.
- Topografía: descripción dun lugar.
- Cronografía: descripción dun período de tempo.
- Zoografía: descripción dun animal.

### 2.3. O abecedario

#### O alfabeto ou abecedario

O alfabeto galego ten orixe latina. Está formado por 23 letras e 6 dígrafos.

Hai outras letras como o *j*, o *k*, o *w* e o *y* que non pertencen ao noso alfabeto e só se utilizan en estranxeirismos, abreviaturas ou símbolos internacionais.

#### Temos 7 vogais!

A-E-I-O-U son as letras que representan as nosas vogais. Pero temos 7 sons vocálicos. Non é o mesmo son o É (verbo ser) que o E (conxunción). Non é o mesmo son o O de OSO (animal) que o de ÓSO (parte do esqueleto).

#### Como escribimos?

Non todas as linguas empregan o noso alfabeto. As diferentes formas de escritura son chamadas **sistemas de escritura**.

No mundo hai 3 sistemas principais: alfabético, silábico e ideográfico.

## Unha volta ao mundo a través dos alfabetos

O mundo está cheo de linguas e formas de escribir. Aquí poderás descubrir algúns dos alfabetos máis curiosos e importantes do planeta: latino, grego, cirílico, árabe, hebreo, chinés, xaponés, devanagari.

### 2.4. Onde vai o acento?

#### Leva, non leva, leva...

SABIA vs SABÍA. Parecen iguais mais non o son. Fíxate ben, son diferentes só nunha pequena cousa. Viches? Exacto! O acento gráfico.

Olo, esa pequena marca que teñen algunhas vogais indica se estou **seria** ou se isto **sería** unha lea. Se ela xa **cantara** cando cheguei ou se **cantará** despois. Ves como cambia o conto dependendo do acento gráfico?

Nós podemos dividir as palabras en sílabas. Unha desas sílabas leva máis forza de voz que as demais. É a **sílaba tónica**.

Dependendo do lugar que ocupe esa sílaba tónica nas palabras falamos de palabras esdrúxulas (coa forza de voz na antepenúltima sílaba), graves (na penúltima) e agudas (na última).

## Fase 3. Raíces comúns

### 3.2 Parecidos razoables

#### Analizando ADN

Galego e portugués proveñen do latín, mais non naceron como dúas linguas independentes. Durante varios séculos o galego-portugués foi unha soa lingua.

No século XIV as dúas linguas comezan a separarse. Nace entón o portugués, como a lingua falada en Portugal, e o galego, a nosa lingua. Foi entón cando pouco a pouco as diferenzas entre as linguas foron crescendo.

### 3.3 Luso... que?

LU-SO-FO-NÍA. Que é? Para saber que é tes que ter claros dous conceptos.

- Lusos: os portugueses identifícanse co pobo lusitano. Igual que os galegos dicimos que somos castrexos ou celtas.
- Colonizadores: Portugal chegou a converterse nun país de grandes navegantes e exploradores. É un dos grandes colonizadores da historia. Iso fixo que a súa lingua chegase a lugares tan afastados entre eles como América, África e Asia.

Da colonización temos hoxe en día moitos lugares do mundo onde falan portugués. Lusofonía é o nome que se lle deu ao conxunto de países onde o portugués é lingua oficial.

Son países lusófonos Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Guinea Ecuatorial, Santo Tomé e Príncipe e Timor Oriental. Tamén é unha rexión lusófona Macao, en China.

### 3.4 Informando

#### Falando claro

Os textos expositivos teñen como obxectivo principal informar ou explicar algo de maneira clara e obxectiva. Son textos que presentan datos, feitos ou explicacións sobre un tema sen incluír a opinión ou os sentimentos da persoa que escribe. Son moi útiles para adquirir coñecementos sobre diferentes temas: históricos, científicos, culturais...

Usan unha linguaxe clara, con verbos en presente e moitas veces inclúen listas, definicións ou exemplos. Outra característica dos textos expositivos é o emprego de conectores. Os conectores son palabras que axudan a unir ideas e exemplos.

#### Características

- Claridade.
- Obxectividade.
- Organización.

- Uso de exemplos e explicacións.
- Terminoloxía especializada.

### Estrutura

- Introducción: presenta o tema.
- Desenvolvemento: achega datos e explicacións.
- Conclusión ou peche: resume ou engade unha curiosidade (ás veces).

### Conectores

#### Para introducir un tema

- En primeiro lugar.
- Para comezar.
- Neste texto imos escribir sobre...

#### Para engadir información

- Ademais.
- Tamén.
- Por outra banda.
- Así mesmo.

#### Para explicar ou exemplificar

- Por exemplo.
- É dicir.
- En concreto.

#### Para comparar

- Do mesmo xeito.
- Ao igual que.
- Pola contra.

#### Para rematar ou pechar

- En resumo.
- Para rematar.
- Como curiosidade.

## Fase 4. Comezamos co reto.

### Gravando

Tes dúas tarefas. Ambas iguais de importantes, aínda que ben diferentes.

Por un lado descubraches que a nosa lingua ten un parente moi, moi próximo, co que compartimos moito, o portugués. E tamén coñeciches a comunidade

creada polos países que a falan, a lusofonía. Que mellor que coñecer máis deses países poñendo a proba os coñecementos adquiridos neste REA?

Por outra banda, cada fase tivo o seu apartado "Cambiamos o mundo?". Un obradoiro de poesía que expuxo a túa creatividade. E agora, tes que recompilar todos os traballos, todos os poemas que creaches.

## O poemario

Este é o segundo reto deste REA.

Durante todas as fases tiveches un obradoiro de poesía. Creaches poemas de diferentes formas. Imaxínaches rimas e versos que agora debes unir no teu propio libro de poemas.

Aquí libera a túa creatividade. Podes escribir no teu ordenador e imprimir os textos ou podes escribir a man con boa letra e limpa. Tamén quedaría ben que ilustrases as túas creacións. Escolle unha boa portada e lembra... pon un bo título, rechamante e que recolla a esencia dos teus textos.

## O podcast

Pasos que debes seguir para conseguir completar o reto.

1. Tes que reunirte co teu grupo para facer un guión do voso podcast.
2. Tedes que buscar a información sobre a rexión ou país que vos tocou.
3. Debedes recompilar os traballos, sobre o teu país, xa feitos na fase 3.3. "Viaxe pola lusofonía". e 3.4. "Informando".
4. Escollede e organizade a información recompilada. Repasade a lista de cotexo que tedes no punto 4.3. para non esquecer nada.
5. Redactade o guión do podcast. Non esquezaades ter en conta que o texto ten que estar escrito para ser lido por vós e que debedes seguir o esquema dos textos expositivos.
6. Repartide entre todas as persoas do grupo o texto. Practicade ben. Podedes facer unha escaleta.
7. Gravade o audio. Tentade que non pareza unha lectura. Podedes gravar por partes para que non se vos faga complicado.
8. Montade o podcast. Poñede música, efectos de son... todo o que precisades.



## 4.1. Cambiamos o mundo?

### A poesía está entre nós

Este reto é ben sinxelo. Só tes que recompilar os textos que fuches creando ao longo do REA. Pero como xa sabes, non só é xuntalos e grampalos para que non se perdan. A idea é crear un libro con todos eles.

Xa sabes que un poemario é máis que un conxunto de poemas. É unha colección. Cal é a diferenza? Pois, a súa unión ten un porqué, un sentido. Agora parece que o que levas feito este tempo non ten sentido xunto, pero seguro que atopas o nexo de unión.

### Bótoche unha man?

Para poder organizar os teus poemas segue estes pasos:

1. **Volve lelos.**
2. **Ordénaos.**
3. **Busca a peza común.**
4. **Ilustra o poemario.**
5. **Pon un título.**
6. **Monta o teu poemario.**
7. **Escribe unha recensión.**

Consigue o mellor poemario. Un título suxestivo e unha portada atraente farán do teu proxecto o máis procurado da biblioteca.

Cando teñades todos o voso poemario farase unha exposición na biblioteca do centro para que o resto do alumnado poida coñecer a vosa obra.

### Que tipo de documento?

O documento que debes crear queda á vosa escolla, pero ten que estar en formato físico. Tamén pensade que vai estar exposto para que o resto da aula poida consultalo. Iso quere dicir que ten que ser fácil de comprender e manexar.

## 4.2. Podcast lusófono

### Na ruta da lusofonía

O voso traballo consiste en crear un podcast no que presentedes un país ou rexión de fala portuguesa. Este podcast debe seguir a estrutura dun texto expositivo, polo que será importante organizar a información de xeito claro, ordenado e obxectivo. Aquí preséntanse dúas propostas, son só un exemplo para axudar, podedes facer o voso podcast seguindo unha estrutura diferente. Iso si, non esquezades ningún dos puntos importantes.

### Opción 1

Estrutura xeral do podcast (texto expositivo):

#### Introdución:

- Presentación do país ou rexión.
- Localización xeográfica (continente, países limítrofes, océanos...).
- Breve contextualización da súa lingua portuguesa (por que se fala portugués alí?).

#### Desenvolvemento:

- Historia: breve resumo da historia do país (colonización, independencia...) e acontecementos destacados.
- Cultura: festas populares, música, danza, literatura e outras expresións culturais.
- Gastronomía: pratos típicos e ingredientes principais.
- Descricións:
  - Personaxes importantes na historia ou cultura do país: nomes, que fixeron, por que son coñecidos...
  - Paisaxes características: praias, montañas, selvas, desertos...
  - Animais representativos da fauna local: descrición física e hábitat.
- Curiosidades ou datos interesantes que queirades incluír.

#### Conclusión:

- Resumo dos aspectos máis importantes tratados.
- Opinións persoais (opcional) ou reflexión final sobre o país.

## Opción 2

Contido que debe incluír o podcast:

### **Presentación** do país ou rexión

- Nome do país ou rexión.
- Localización xeográfica (continente, países veciños, océanos, etc.).
- Breve información xeral (poboación, lingua, capital, etc.).

### **Historia**

- Breve repaso pola historia do lugar (colonización, independencia, feitos históricos importantes).
- Un personaxe histórico relevante (nome, época, achegas).

### **Cultura**

- Tradicións importantes.
- Festas típicas ou populares.
- Música, baile, literatura ou outras expresións culturais.
- Personaxes da cultura, política, historia... importantes (escritor/a, músico/a, artista...): quen foi e por que é relevante.

### **Gastronomía**

- Pratos típicos.
- Ingredientes principais.
- Significado cultural da comida (se está asociada a festas, costumes...).

### **Paisaxes e natureza**

- Descrición dalgunhas paisaxes típicas do país (selvas, praias, desertos, montañas...).
- Animais característicos da zona: onde viven, como son.

### **Peché**

- Breve resumo do aprendido sobre o país.
- Valoración persoal ou reflexión final.

Para celebrarmos o Día Internacional da Radio, o segundo domingo de decembro, os vosos podcast saíran ao aire e pode ser na radio escolar (se a hai), colgados na web do

centro, aloxados no blog da biblioteca... As posibilidades son variadas, escollede a máis axeitada para o voso centro.

## Fase 5. A exposición

Xa chegaches ao final. Neste tempo repasaches conceptos que xa viras en primaria, descubraches cousas novas e aprendiches sobre o mundo que te rodea. Fai memoria.

Repasaches as descrições (de animais, de persoas, de lugares...) e tamén as regras básicas de acentuación. Descubriches as conexións entre linguas a través das familias lingüísticas.

Viches como o galego e o portugués tiveron un pasado común que nos leva a ter no portugués unha lingua irmá. Ademais repasando o abecedario e o sistema vocálico e consonántico chegaches a ver como hai moitas linguas que empregan outros sistemas de escritura e descubraches elementos comúns co portugués. E falando de portugués, aprendiches como naceu o concepto de lusofonía. Tamén viches como a organización e as características dos textos son diferentes segundo o obxectivo principal que persigan. Iso fixo que repararas especialmente nos textos expositivos. E por último, co obradoiro de poesía de "Cambiamos o mundo" aprendiches coa práctica as diferentes características do xénero lírico.



“Resumo de contidos: Entre ondas, seguimos mareas”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)